



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 18 DE MAIO DE 2020

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/2203/2019.- .- **CONSELLERIA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL.-** Conceder licenza para realizar as obras de rehabilitación enerxética do CEIP Monte dos Postes sito na Rúa das Fontiñas, 79.

LIC/271/2019 .- D. JOSE RIAL NIETO.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura publica de data 26/09/2019 e conceder licenza para realizar as obras de rehabilitación integral dunha vivenda unifamiliar no LG Os Currais, 4.

LIC/36/2020.-D.JULIO RIOBOO MACÍAS.- Conceder licenza de obras para instalación dunha piscina de uso privado na Rúa Mallou de abaixo, 1.

2.- Adopción de medidas en relación coa crise sanitaria provocada por mor do "COVID-19".

Adoptáronse as seguintes medidas:

-En relación á zona ORA acórdase:

- Manter como zonas de libre estacionamento as prazas de estacionamento regulado de longa duración, nas que non se esixirá nin a obriga de rotación de vehículos nin o pago por estacionamento, as seguintes (aparcamentos de Campus Sur, Conxo e Pontepedriña)

RÚA	ORA	CED
AVDA. DA CORUÑA	33	3
AVDA. DE COMPOSTELA	25	0
AVDA. DAS BURGAS	66	0
AVDA. NOVOA SANTOS	77	0
AVDA. DE LEGAZ LACAMBRA	49	0
AVDA. DAS CIENCIAS	103	0
AVDA. DE VIGO	97	0
AVDA. DE JORGE ETCHEVERRI	134	0
AVDA. GÓMEZ MARZOA	53	0
SEMIN. ESTUDOS GALEGOS	68	0
APARCAMENTO PASTOR HORTA	215	0
APARCAMENTO AVENIDA DE FERROL	70	0

- Establecer como zonas de estacionamento regulado (ORA) as prazas de aparcamento correspondentes á zona xeral mantendo a obriga de rotación de vehículos pero sen que resulte esixible a obriga de pago polo estacionamento.
- Manter vixentes as obrigas de rotación de vehículos e pago polo estacionamento nas prazas activas de estacionamento de curta duración.

- Este acordo mantén a situación actual, e será modificado en función da análise de oferta e demanda presentados diariamente.

-Convalidar os contratos adxudicados pola Alcaldía mediante tramitación de emerxencia e de conformidade coa habilitación conferida pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 13/03/2020, que se indican a continuación:

- “Servizo temporal e extraordinario de Axuda no Fogar (SAF) para a atención urxente de persoas do Concello de Santiago de Compostela que o precisen durante o mantemento da actual situación de emerxencia sanitaria e de estado de alarma motivado polo covid-19”, adxudicados a:
 - SERVISAR SERVICIOS SOCIAIS, S.L. por un prezo máximo de 111.728,86 euros, IVE incluído.
 - EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, S.A. por un prezo máximo de 103.662,98 euros IVE incluído.
- “Servizo de adaptación da plataforma XIESS (Xestión Integral dos Expedientes de Servizos Sociais) á nova situación producida polo covid-19”, adxudicado a IMATIA INNOVATION, S.L. por un prezo de 36.632,95 euros, IVE incluído.
- “Subministración de mamparas como material de protección do persoal empregado público entre si e tamén coas persoas usuarias do Concello de Santiago de Compostela”, adxudicado a PAIPEL EQUIPOS DE OFICINA, S.L. por un prezo de 6.912,76 euros, IVE incluído.

3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para realizar as obras de rehabilitación enerxética do CEIP Monte dos Postes sito na Rúa das Fontiñas, 79. LIC/2203/2019. Conceder licenza para realizar as obras de rehabilitación enerxética do CEIP Monte dos Postes sito na Rúa das Fontiñas, 79.

4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura publica de data 26/09/2019 e conceder licenza para realizar as obras de rehabilitación integral dunha vivenda unifamiliar no LG Os Currais, 4. LIC/271/2019. Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura publica de data 26/09/2019 e conceder licenza para realizar as obras de rehabilitación integral dunha vivenda unifamiliar no LG Os Currais, 4.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza de obras para instalación dunha piscina de uso privado na Rúa Mallou de abaixo, 1. LIC/36/2020. Conceder licenza de obras para instalación dunha piscina de uso privado na Rúa Mallou de abaixo, 1.

6.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aprobación do expediente "Execución das obras contempladas no Proxecto de execución de "Acondicionamento Interior do xacemento do Castelo da Rocha Forte", actuación que forma parte da EDUSI-Santiago, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)"; aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Apróbase o gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 73.691,35 euros, (IVE aparte). O IVE, do 21%, ascende a 15.475,18 euros.

7.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á prórroga do contrato coa sociedade mixta "XESTIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS E ESPECTÁCULOS S.L.". Acórdase a prórroga ata o 19 de maio de 2021, facendo coincidir a finalización desta prórroga coa acordada por unanimidade e de forma expresa no consello de administración do Consorcio da Cidade de Santiago, respecto das instalacións deportivas de Sar.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais, Barrios e Obras relativa á adxudicación do contrato de "Prestación do servizo da diagnose, reparacións urxentes e plan de mantemento dos muros de contención de titularidade municipal do barrio de Fontiñas". Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa INGENIERÍA DEL NOROESTE, SL,

por un importe de 19.600 euros (IVE aparte ao 21%, por un importe de 4.116 euros), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

11.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local relativa á aprobación do expediente "Subministración de consumibles de impresión para o Concello de Santiago de Compostela"; aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Apróbase o gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 16.281,78 euros anuais (IVE aparte do 21% por unha cantidade de 3.419,17 euros). Para o cálculo das anualidades asúmese o inicio da prestación a 1 de xullo de 2020.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadán relativa á aprobación do expediente "Servizo de mantemento e conservación dos sistemas de control, regulación e xestión do tráfico, e do túnel urbano do Hórreo, no termo municipal de Santiago de Compostela"; aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Apróbase o gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 669.719,73 euros (IVE aparte de 31% por unha contía de 140.641,14 euros)

14.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais, Barrios e Obras relativa á aprobación do expediente "Execución do proxecto de reparación do muro entre as rúas París e Luxemburgo en Fontiñas"; aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Apróbase o gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 266.972,73 euros (IVE aparte do 21% por unha contía de 56.064,27 euros).

15.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á aprobación do expediente de "Execución das obras definidas no "Proxecto de reforzo do firme da estrada de Chaián entre Marzo de Abaixo e límite do termo municipal" POS + 2017"; aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Apróbase o gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 74.076,06 euros (IVE aparte do 21% por unha cantidade de 15.555,97 euros).

16.- Proposta do concelleiro delegado de Relacións Veciñais relativa á aprobación das bases da convocatoria de subvencións ás asociacións veciñais sen ánimo de lucro de Santiago de Compostela para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral durante o exercicio 2020. Apróbase as bases da convocatoria de subvencións dirixidas a asociacións de veciños de Santiago de Compostela, para o desenvolvemento de actividade de interese xeral; autorizándose un gasto de 100.000 euros.

Para os efectos desta convocatoria, considéranse subvencionables os gastos necesarios para o desenvolvemento de actividades de interese xeral para a cidadanía, que sexan realizadas entre o 1 de xaneiro e o 30 de outubro de 2020; e que respondan á seguinte tipoloxía:

- Bloque 1. Prestación de servizos de información e asesoramento, comunicación e divulgación: publicacións, boletíns, revistas...
- Bloque 2. Formación e ocio: obradoiros, cursos charlas, coloquios, conferencias...
- Bloque 3. Participación da cidadanía e apoio a outros colectivos do barrio: debates, mesas redondas, asembleas, encontros, foros. Campañas de divulgación e sensibilización, tanto de temas relacionados coa problemática específica de cada barrio, como outros temas relacionados coa igualdade, sostibilidade, condutas cívicas de limpeza, orde e coidado do barrio, atención a sectores con dificultades, coñecemento e respecto dos dereitos humanos, fomento do voluntariado, educación en valores, convivencia interxeracional e intercultural, etc. Participación en procesos participativos e programas municipais. Campañas de captación. Colaboración cos Centros Socioculturais.
- Bloque 4. Actividades sociais: eventos festivos, culturais e deportivos cuxo obxectivo sexa mellorar a convivencia, que non sexan obxecto de axudas municipais específicas e que favorezan a relación, colaboración e integración entre a veciñanza. Programas de axuda e colaboración entre veciñas e veciños. Aluguer de carpas e equipos audiovisuais (montaxe e

desmontaxe). Consideraranse gastos de actividades os seguros de responsabilidade civil vinculados á súa realización.

- Bloque 5. Gastos de funcionamento:
 - Pequenos arranxos e gastos de mantemento e conservación no local sociocultural municipal que usa a asociación (derivados do uso da asociación), e gastos de mantemento e conservación (auga, gas, electricidade, teléfono combustible, material de limpeza, pequenos arranxos, gastos de comunidade de propietarios...) no caso de que sexa un local de titularidade da asociación de veciños.
 - Gastos de teléfono móbil da asociación, telefonía fixa, internet....
 - Material funxible (folios, grampas, lapis...)

Non serán subvencionables os gastos inventariables (bens non funxibles cuxo custe de adquisición sexa inferior a 150 euros), nin gastos das nóminas de persoal. Tampouco serán subvencionables os gastos de bebidas alcólicas.

O **importe subvencionable** será, como máximo, o **80% do orzamento de gastos** que se detalle no formulario de solicitude, **cun máximo subvencionable de 3.000 euros por solicitude (ou 5.100 euros só naqueles casos de ser entidades veciñais propietarias de equipamentos socioculturais)**

Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta convocatoria as seguintes actividades

- As que obteñan subvención por parte doutra concellaría, e as que pola súa natureza ou obxectivo, poidan acollerse a outras convocatorias de subvención realizadas polo Concello de Santiago, ou non se encadren dentro do ámbito de actuación do departamento de Relacións Veciñais.
- As que teñan escasa relevancia e/ou carezan de interese xeral.

Poden acollerse a esta convocatoria as asociacións veciñais do municipio que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Santiago con anterioridade á publicación da convocatoria, e ter actualidades os datos no citado rexistro: estar ao corrente das súas obrigas fiscais; e non estar incursas en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario das subvencións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As solicitudes (que poden descargarse da web do concello) poderán presentarse por rexistro. O prazo de admisión será de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación das bases no BOP da Coruña.

17.- Proposta do concelleiro delegado de Festas relativa á aprobación da concesión dos premios do Entroido 2020.

Apróbase a concesión dos premios en base á acta do xurado do Entroido 2020 ás seguintes entidades e persoas:

- 1º Premio carrozas: Verónica Torreira: 3.000 euros.
- 2º Premio carrozas. Asoc. Agrupación Folclórica Ximiela: 2.000 euros
- 3º Premio carrozas. Asocación de Pais e Persoas con Discapacidade Intelectual: 1.000 euros
- 1º Premio comparsas. AV Conxo Aberto: 2.500 euros.
- 2º Premio comparsas. A. Cultural Armatroulas de Laraño: 2.000 euros
- 3º Premio comparsas. Asociación Cultural Ciklón: 1.000 euros.
- 1º Premio comparsas Santiago. Asoc. Cultural Recreativa e Deportiva de Laraño A Ruliña: 1.000 euros
- 2º Premio comparsas Santiago. Agrupación folclórica Colexiata de Sar. 800 euros
- 3º Premio comparsas Santiago. Lourdes Núñez: 600 euros
- 4º Premio comparsas Santiago. Deserto (a contía era de 500 euros)
- 5º Premio comparsas Santiago. Deserto (a contía era de 400 euros)
- 1º Premio parella. Taide Fernández e Juan Carlos Ramos: 400 euros en total.
- 1º Premio individual: Leonardo Zuklevicius: 300 euros

- 2º Premio individual. Iván Armesto: 200 euros
- 3º Premio individual. Cristina Moure. 100 euros.
- 1º Premio grupo. Sandra Ferradás. 800 euros
- 2º Premio grupo: Lourdes Prieto. 400 euros
- 3º Premio grupo: Zulema Torres: 200 euros.

O importe total dos premios é de 16.300 euros.

18.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Acórdanse os seguintes recoñecementos extraxudiciais de crédito por:

- Gastos de mantemento de alumeado público e ornamental do mes de xaneiro, a Ferrovial Servizos, por importe de 77.288,46 euros.
- Alugueiro dos locais ocupados polos servizos de parques e xardíns, proxectos e obras e bombeiros na estación de autobuses, no período correspondente ao mes de febreiro do ano 2020 a favor de Sdade. Municipal de Xestión de Transporte Urbano, por importe de 6.624,29 euros.
- Alugueiro dos locais ocupados polos servizos de parques e xardíns, proxectos e obras e bombeiros na estación de autobuses, no período correspondente ao mes de marzo do ano 2020 a favor de Sdade. Municipal de Xestión de Transporte Urbano, por importe de 6.624,29 euros.
- Servizo de xestión do servizo de catering e de persoal coidador do comedor escolar para os CEIPS dependentes do concello de Santiago, a favor de Serunión por importe de 109,71 euros.
- Gastos derivados en concepto de servizo de plataforma electrónica e subministración de consumibles no período xaneiro-febreiro do ano 2020, a favor de varios provedores por importe de 4.778,33 euros
- Gastos derivados en concepto de servizo de plataforma electrónica e subministración de consumibles en marzo do ano 2020, a favor de Pixelware, por importe de 1.815,00 euros
- Gastos dos diferentes servizos sen contrato (mantemento de copiadores, subministración de gas e gasóleo, mantemento de ascensores e limpeza dos edificios municipais) por importe de 60.479,5 euros a favor de varios provedores.
- Servizo de conserxería, limpeza e control das instalacións anexas do CEIP Lamas de Abade a favor da empresa Servicio Centros Públicos Santiago de Compostela, por importe de 4.714,75 euros.
- Gastos derivados en concepto de mantemento de fotocopiadoras, alarmas e ascensores con facturación anticipada, instaladas en edificios e dependencias municipais a favor de varios provedores por importe de 4.195,87 euros.
- Prestación do servizo de mantemento e conservación do sistema de control do túnel do Hórreo, durante os meses de marzo e abril, a favor de Kapsch Trafficom Transportation, por importe de 85.476,98 euros.
- Prestación do servizo de subministración de recambios e pneumáticos para o Parque Móvil Municipal do 1 de febreiro ao 156 de marzo, a favor de varios provedores, por importe de 1.165 euros.

19.- Dar conta das actas do Centro de Coordinación Operativo Local (CECOPAL)". Dase conta.

URXENCIAS

1. **Corrección de erros das bases de convocatoria de axudas para a mellora da innovación do comercio local. Programa Coidar para mellorar.** Introducción, na base 9 e no apartado 3 do Anexo III, do **Certificado de situación censal emitido pola Axencia Tributaria do Estado**, que non estaba incluído anteriormente na documentación a chegar.

2. **Corrección de erros das bases de convocatoria de concesión de cheques de consultoría. Programa Coidar para mellorar.** Introducción, na base 8 e no punto 3 do Anexo III, do **Certificado de situación censal emitido pola Axencia Tributaria do Estado**, que non estaba incluído anteriormente na documentación a achegar.
3. **Corrección de erros das bases de convocatoria de axudas para a reactivación económica do comercio local. Programa Coidar para mellorar.** Introducción, na base 9 e no punto 3 do Anexo III, do **Certificado de situación censal emitido pola Axencia Tributaria do Estado**, que non estaba incluído anteriormente na documentación a achegar.
4. **Corrección de erros no extracto publicado no BOP da Coruña de 15 de maio relativo á convocatoria de axudas a empresas para a reactivación económica “Compostela Móvese”.** Corríxese o apartado 2 d) “ser unha microempresa, e ter menos de 6 traballadores no momento inmediatamente anterior á declaración do estado de alarma”, que pasa a estar redactado da seguinte forma: “ser unha microempresa, e ter menos de 11 traballadores no momento inmediatamente anterior á declaración do estado de alarma”.
5. **Proposta de aprobación da concellaría de Medio Rural, do proxecto de construción dunha cuberta para a pista de pádel na parroquia de Figueiras.** Acórdase a aprobación do proxecto técnico de execución dunha cuberta para a pista de pádel na parroquia de Figueiras. O orzamento máximo de execución é de 86.140,54 euros, IVE incluído, e ten un prazo de execución de 3 meses para a obra completa.
6. **Proposta de aprobación da concellaría de Medio Rural, do proxecto de reparación, reforma e conservación do local sociocultural da antiga escola de Busto, no lugar de Vilariño.** Acórdase a aprobación do proxecto técnico de reparación, reforma e conservación do local sociocultural da antiga escola de Busto, cun orzamento máximo de licitación de 48.388,95 euros, e un prazo de execución de 4 meses.
7. **Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade, relativa ao recoñecemento extraxudicial de crédito pola realización do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros nos meses de xaneiro e febreiro de 2020 a favor de Tralusa.** Acordase autorizar o pago das facturas dos meses de xaneiro e febreiro de 2020, por importe de 575.981,46 euros.
8. **Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda de aprobación da modificación da base 33.2 de execución do orzamento municipal para o exercicio 2020 e expediente de suplemento de crédito de importe 3.000 euros financiado con baixas de anulación.** Acórdase aprobar o cambio no perceptor da subvención, que era “Asociación Banco de Alimentos Rías Altas”, e agora pasa a ser “Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela”, incrementándose, a o mesmo tempo a dotación orzamental que pasa de 2.000 a 5.000 euros.
9. Acórdase dar traslado á empresa XADE, da carta enviada pola Xerente da Área Sanitaria de Santiago, na que sinalan que precisan o compromiso de alcaldía para que, de ser utilizado, o Pavillón Multiusos Fonte do Sar durante as fases de desescalada polas que evoluciona a Comunidade Autónoma, se garante que se poida poñer á disposición do SERGAS nun prazo de 24 horas dende a primeira solicitude da xerencia.